



# BANDO

**DON FERNANDO SUÁREZ BARCIA, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO,**

## FAI SABER

Este Concello, a través da súa delegación de Medio Ambiente, está recibindo últimamente moitas protestas e queixas, motivadas por animais de compañía, principalmente por cans, en especial no referente a accidentes, abandonos ou por excrementos sen retirar en parques públicos e beirarrúas.

A Ordenanza Municipal de Protección Medioambiental do Concello de Ribadeo, publicada no BOP de Lugo, núm. 178 de 4 de agosto de 2006 regula no seu Título I, capítulo IV á tenencia de cans e outros animais domésticos.

Entre outras cuestións os posuidores de cans ou doutro tipo de mascotas, susceptibles de abandono ou de fuxir da compañía dos seus donos, deberían instalarlles un "chip" (elemento electrónico do tamaño dun grao de arroz que contén a identificación do animal e máis do seu propietario) para que en todo momento estean identificados.

Calquera veterinario poderá proceder á colocación do chip aínda que A Xunta de Galicia, a través do Rexistro Galego de Identificación de animais de compañía –REGIAC- ten autorizado en Ribadeo ao veterinario D.Juan Luis Amor Fernández o cal colocará o chip por un prezo de 25,00 euros podendo facelo tamén en desprazamento ás parroquias.

Tamén se recomenda que o animal estea asegurado, aínda que non sexa obligatorio.

Do mesmo xeito e de acordo co que dispón o artigo 19 da Ordenanza citada, parágrafos 2) e 3) en relación aos excrementos dos cans **a persoa que conduza o animal estará obrigada á súa limpeza e a tal efecto deberán levar obrigatoriamente unhas bolsas e/ou os accesorios necesarios para a recollida e limpeza das dexeccións, que debidamente empaquetadas serán depositadas en papeleiras ou contenedores.** Do incumprimento serán responsables as persoas que conduzan os animais e subsidiariamente os propietarios dos mesmos.

Dende esta Alcaldía pídesse, xa que logo, a maior colaboración cidadá para cumprir coa normativa vixente, sinalándose que tras transcurrir un tempo prudencial se adoptarán as medidas sancionadoras que procedan.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ribadeo, 6 de febreiro de 2012.

O ALCALDE,

